

Decreto.

Antecedentes.

1.- Mediante providencia da alcaldía do 29.02.2024 iniciouse o procedemento para contratar a obra de: **ampliación do pavillón municipal de deportes, sito na aldea de Pedrouzos, cun orzamento de: 540.346,08 euros, IVE incluído**, que se atopa subvencionada parcialmente cunha achega máxima de: 150.000 euros pola Deputación da Coruña, ao abeiro do convenio de colaboración asinado con data 22.01.2024, ordenando emitir os informes preceptivos.

As necesidades a satisfacer son as que figuran no proxecto, consistindo as obras en resumo, en dotar ao Concello dun recinto adecuado ou espazo multiusos que puidese, por unha banda, ser sede de competicións deportivas e por outro acoller encontros culturais e sociais de calquera tipo, como concertos ou exposicións. Ademais, servirá de apoio ás instalacións dos colexios adxacentes, CEIP de Pedrouzos e IES de Brión, podéndose desenvolver actividades extraescolares ou outras que se necesiten, sendo necesario para o cumprimento das competencias municipais (art. 25.2.d), l) e m) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local).

Fundamentos de Dereito.

1. A aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares é competencia do órgano de contratación (art. 117 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante LCSP).

2. Consonte co disposto nos artigos 131,146.1 e 159.1 da LCSP a forma de adxudicación deste contrato será por procedemento aberto simplificado.

3. O artigo 117 da LCSP regula a aprobación do expediente de contratación.

4. O valor estimado do contrato non supera os límites cuantitativos establecidos no apartado 1º da Disposición Adicional Segunda da LCSP, polo que corresponde a competencia para a súa contratación a alcaldía.

Vistos os informes preceptivos de secretaría e de intervención, no uso das atribucións que me confiren as disposicións en vigor, resolvo:

1º) Aprobar o expediente de contratación e iniciar a licitación por procedemento aberto simplificado, cun único criterio de adxudicación, o factor prezo, mediante publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante, con tramitación anticipada.

2º) Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto simplificado previsto no art. 159.1 da LCSP cun único criterio de adxudicación, o factor prezo, que ha rexer no contrato, asinado por esta alcaldía e que consta no expediente.

3º) A aprobación do expediente de contratación, así como a adxudicación, quedan sometidas á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente, tanto no orzamento do exercicio 2024, como nos expedientes de modificación de créditos que este concello aprobe ao longo do exercicio 2024. Consonte co anterior, non se poderá realizar acto ningún que supoña directa ou indirectamente compromiso municipal de transcendencia orzamentaria en tanto non se cumpra esta condición suspensiva. En ningún caso a licitación xerará dereito ningún a favor dos licitadores mentres tanto non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

4º) Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante para os efectos da presentación de ofertas polos licitadores.